



PREGUNTA ORAL SOBRE AS RAZÓN DO INCUMPRIMENTO DO ACORDO PARA REALIZAR UN ACTO CONMEMORATIVO DOS 40 ANOS DA CONSTITUCIÓN

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria de novembro de 2017 o Pleno municipal aprobaba unha moción mediante a que o Concello se adhería aos actos conmemorativos que estaban a promover e coordinar as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978” e asumía, entre outros, “o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía”.

Transcorrido un ano daquel acordo é á vista de que non había constancia da preparación de ningunha iniciativa de divulgación de cara ao día 6 de decembro, no Pleno de novembro de 2018 o Grupo Popular propuxo un novo acordo, que tamén foi aprobado, para instar ao Goberno municipal a que, segundo se expresaba no texto: ***“organice, como iniciativa de divulgación do 40 aniversario da Constitución española, unha lectura pública do texto constitucional nunha xornada a establecer na semana entre o 3 e 9 de decembro, por parte de membros da Corporación e escolares. A xornada deberase celebrar preferentemente na Praza da Constitución e con ese motivo farase unha comunicación a todos os centros de ensino radicados no municipio e divulgarase publicamente a xornada para convidar a toda a cidadanía, institucións e entidades, a sumarse a este acto público”***.

À vista do acontecido, formúlase a seguinte pregunta:

Cal é o motivo e a razón para que o Goberno municipal, ignorando dous acordos plenarios en anos sucesivos, non organizara nin promovera sequer ningún acto conmemorativo dos 40 anos de Constitución e de democracia en España?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular